



Resolución do 26 de setembro de 2022 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes públicos para participaren no programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa, Spring Week, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2022/23.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece como un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para a comunicación na lingua oficial e cooficial, se a houber, e nunha ou máis linguas estranxeiras. Así mesmo, dispón como un dos recursos para a mellora das aprendizaxes e apoio ao profesorado o establecemento de programas de reforzo da aprendizaxe das linguas estranxeiras.

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2030 (EDUlingüe) pretende, entre outros obxectivos, ofrecer un novo impulso cualitativo e cuantitativo ao ensino en linguas estranxeiras para que o alumnado poida rematar os seus estudos tendo un dominio completo polo menos dunha primeira lingua estranxeira con aprendizaxe integral e dominio extensivo. Para favorecer unha maior adquisición de destrezas lingüísticas por parte do alumnado dos centros educativos, a **Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras 2030 (EDUlingüe)**, na súa liña 7 Programa de inmersión lingüística activa, desenvolve programas formativos de inmersión lingüística activa.

Por este motivo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades organiza o programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa **Spring Week**, que se desenvolverá durante o curso escolar nun centro residencial situado na Comunidade Autónoma de Galicia en réxime de internado. O presente programa basease en obxectivos como a estimulación da práctica oral da lingua inglesa e a súa utilización en contextos comunicativos máis amplos que os que permite a contorna escolar enfocados cara á mellora da comunicación oral co apoio de profesorado nativo en lingua inglesa, así como a contextualización en temáticas de





interese cultural, social, artístico e medioambiental.

O programa procurará a inmersión activa en lingua inglesa do alumnado de xeito que lle permita desenvolverse nunha contorna real, así como o fomento da convivencia e o respecto polas diferenzas individuais.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten como obxecto regular a convocatoria e selección de centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para participaren no programa de inmersión lingüística activa en lingua inglesa, Spring Week, durante o curso 2022/23.

Segundo. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes públicos dependentes desta Consellería nos que se impartan ensinanzas de educación primaria e/ou de educación secundaria obrigatoria durante o curso 2022/23. Cada centro poderá participar cun máximo de 25 alumnos/as do mesmo nivel educativo.

Terceiro. Obxectivos e características do programa

O programa de inmersión lingüística activa Spring Week desenvolverase de acordo co obxectivo e características que se especifican a continuación:

1. O obxectivo principal deste programa é proporcionar ao alumnado participante unha actividade de inmersión lingüística activa en lingua inglesa que lle permita desenvolver actividades comunicativas nesta lingua, nunha contorna de comunicación real, ao mesmo tempo que afondan en coñecementos relevantes doutras áreas e materias do currículo do seu nivel e etapa educativos. Así mesmo, contará con actividades que fomenten a actividade física, a socialización e o coñecemento cultural cunha metodoloxía adecuada ó seu nivel e etapa educativos.
2. O contido deste programa inclúe actividades académicas, de tempo libre e





obradoiros cuxa finalidade é promover a convivencia entre o alumnado e a motivación pola comunicación en lingua inglesa, facendo uso de medios tecnolóxicos que favorezan a devandita aprendizaxe.

3. A metodoloxía será activa, lúdica e cooperativa e promoverá aprendizaxes significativas por parte do alumnado, incidindo na educación en valores democráticos e nos aspectos relacionados coa sostibilidade e o coñecemento da contorna, segundo se recolle nos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030. (Energías renovables, produción e consumo responsable, cidades sostibles , acción polo clima) .

Cuarto. Duración e datas de celebración das actividades

1. Estas actividades realizaranse en réxime de internado nun centro residencial situado na Comunidade Autónoma de Galicia, en quendas semanais de domingo pola tarde ata o sábado seguinte pola mañá.

2. Levaranse a cabo na primavera, durante os meses de abril a xuño do 2023, de acordo co seguinte calendario e distribución por niveis:

QUENDA	DATAS	CURSO	ALUMNADO
1ª quenda	do 16 ao 22 de abril	4º de ESO	175
2ª quenda	do 23 ao 29 de abril	3º de ESO	175
3ª quenda	do 30 de abril ao 6 de maio	3º de ESO	175
4ª quenda	do 7 ao 13 de maio	2º de ESO	175
5ª quenda	do 14 ao 20 de maio	2º de ESO	175
6ª quenda	do 21 ao 27 de maio	1º de ESO	175
7ª quenda	do 28 de maio ao 3 de xuño	1º de ESO	175
8ª quenda	do 4 ao 10 de xuño	6º EP	175
9ª quenda	do 11 ao 17 de xuño	6º EP	175
TOTAL			1.575

Quinto. Organización das actividades

1. A xestión e organización das actividades levarase a cabo por medio de empresas coa





debida cualificación, xestionadas para o efecto pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e e Universidades . A empresa ou empresas ocuparanse dos recursos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.

2. Os centros que resulten seleccionados enviarán á Consellería a listaxe de alumnado participante antes do comezo da actividade en cada quenda, segundo o modelo que se lle facilite con anterioridade.

3. Os centros educativos seleccionados solicitarán e custodiarán as autorizacións de participación nesta actividade dos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado, segundo o modelo que se lles facilite para tal fin antes do inicio da actividade. Así mesmo, entregarán aos pais, nais ou persoas titoras legais do alumnado a documentación de participación relativa ao desenvolvemento de dita actividade que lle será facilitada pola Consellería con anterioridade ao inicio de cada quenda para que sexa presentada, debidamente cuberta e asinada, no momento da entrega do alumnado no centro residencial o primeiro día de cada quenda.

4. As familias ou, se é o caso, os centros educativos, encargaranse da organización do traslado do alumnado ao centro residencial no que se celebrarán as actividades así como da súa recollida ao seu remate. A Consellería e os centros educativos non asumirán os gastos derivados destes desprazamentos.

5. O alumnado estará acompañado por un profesor/a de inglés ou outro/a profesor/a do centro cun coñecemento da lingua inglesa adecuado para participar no devandito programa de inmersión nesta lingua durante o desenvolvemento da actividade. Este profesorado responsabilizarase da adecuada participación do seu grupo na actividade.

5. O alumnado que contraveña calquera das normas da residencia será expulsado inmediatamente. No caso de expulsión serán os pais, nais ou titores legais os que se fagan cargo do traslado do ou da menor.

Sexto. Procedemento de solicitude

1. As solicitudes realizaranse a través da aplicación informática:





<https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>.

Previamente á presentación da solicitude, a dirección do centro deberá informar ao Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen ten o permiso de creación e presentación da mesma na aplicación informática. O informe que xera a aplicación informática deberá ser asinado pola persoa responsable da dirección e quedará custodiado no centro.

2. O proxecto de participación no programa Spring Week realizarase a través da devandita aplicación informática.

Sétimo. Criterios de selección dos centros

Os centros serán seleccionados conforme aos seguintes criterios e puntuación:

1. Proxecto de participación: ata 5 puntos.

2. Por formar parte da Rede de centros plurilingües: 1,5 puntos.

3. Por participar no Programa de Seccións Bilingües: ata 1,5 puntos; 0,10 puntos por cada sección bilingüe que estea en funcionamento durante o curso 2022/23

4. Pola participación no programa CUALE durante o curso 2022/23: ata 1 punto, 0,10 puntos por cada modalidade.

5. Centros situados en concellos rurais, ata 1 punto, segundo o establecido a seguir:

a) Concellos de menos de 1.000 habitantes: 1 punto.

b) Concellos de entre 1.000 e 3.000 habitantes: 0,75 puntos.

c) Concellos de entre 3.001 e 5.000 habitantes: 0,50 puntos.

d) Concellos de entre 5.001 e 10.000 habitantes: 0,25 puntos.

Oitavo. Prazos de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes e documentación comeza desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo





(<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e remata o 17 de outubro de 2022, incluído.

Noveno. Comisión de selección

A comisión de selección estará formada por:

- Presidencia: persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa (ou persoa en quen delegue)
- Vogais:
 - Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo (ou persoa en quen delegue).
 - Persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos (ou persoa en quen delegue).
 - Dúas persoas asesoras do Servizo de Innovación e Programas Educativos, unha das cales actuará como secretaria.

A Comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados e na baremación. Para os efectos previstos no artigo 26.2 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, esta comisión considérase incluída na categoría 3ª.

Décimo. Procedemento de selección dos centros

1. A comisión de selección realizará unha preselección dos centros docentes solicitantes segundo a puntuación obtida conforme aos criterios que figuran apartado sétimo desta convocatoria. En caso de empate entre os centros, dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no criterio 5 do apartado sétimo.
- b) Maior puntuación no criterio 2 do apartado sétimo.

De manterse o empate, terá preferencia o centro que teña maior puntuación no





criterio 1 do apartado sétimo.

2. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das quendas, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras quendas, modificar o nivel ao que vai dirixida algunha destas quendas e/ou ofertar prazas vacantes a centros suplentes.

Décimo primeiro. Resolución provisional

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos centros participantes. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>). Nesta resolución figurarán os centros seleccionados e a quenda que lles corresponde, os centros que quedan como suplentes e os centros excluídos.

No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das quendas, por proposta motivada da comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras quendas, modificar o nivel ao que vai dirixida algunha destas quendas e/ou ofertar prazas vacantes a centros suplentes.

2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 3 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión.

As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A), así como a través dun correo electrónico ao enderezo asesoriaidiomas@edu.xunta.gal que se deberá identificar coa denominación "Spring Week ". Para a súa presentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de





identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Décimo segundo. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes.
2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>.
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo terceiro. Memoria e certificación de participación do profesorado

Tras a finalización da súa participación, o/a profesor/a responsable do grupo deberá elaborar unha memoria avaliativa que trasladará á dirección do centro para o seu visto e prace. Dita memoria será remitida pola dirección do centro á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa no mes de xuño do 2023 nos prazos establecidos por esta Dirección Xeral.





Tras a remisión da devandita memoria e a correspondente avaliación positiva pola administración educativa, o profesorado que participe neste programa de innovación educativa recibirá un certificado de innovación educativa acreditativo ao remate da actividade, cunha equivalencia de ata un máximo de 20 horas de formación permanente do profesorado.

Décimo cuarto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

